

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 26/2074

Feitos

Con data do 27.04.2026, este servizo de persoal docente e investigador recibe comunicación de que os seguintes membros da comisión de selección da praza 26/2074, de profesor/a asociado/a do Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas (convocada por Resolución reitoral do 12.01.2026), incorren en conflitos de interese, segundo o establecido no artigo 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024:

Lista Paz, Ana: presidenta

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno de 07.11.2024, establece que os membros das comisións deberán renunciar a formar parte da comisión cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no devandito apartado, con algunha das persoas candidatas. No presente caso, a causa alegada xustifica a substitución da presidencia.

Por outra banda o artigo 6.6 da citada normativa establece que de non poder actuar a persoas proposta para a presidencia será substituída polo membro do departamento de maior categoría e antigüidade, garantindo o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 126 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 94/2025 do 6 de outubro, (DOG do 27 de outubro).

De acordo co indicado, dispón a seguinte substitución, para a comisión da praza indicada:

Presidencia: substitúese a Ana Lista Paz por Francisco Javier Cudeiro Mazaira

A Coruña, na data da firma electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)

A vicerreitora de Profesorado

María Teresa López Fernández